

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 7 DE MARZO DE 2024, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello das Neves, do treito inicial da estrada provincial EP-4204 entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+550.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón da convocatoria das axudas do Programa de mellora da accesibilidade das vivendas.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a concesión de subvencións no exercicio 2024 ás entidades locais con aulas que teñen a consideración de aulas de referencia na Rede CeMIT, por un importe total de setecentos mil vinte euros (700.020,00€).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproban o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e, definitivamente, o proxecto de trazado: Actualización do proxecto de fomento da mobilidade sustentable. Nova senda na OU-402. Treito: Reza. Puntos quilométricos (PP.QQ.) 1+090-3+780.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de construción dunha planta de produción de biometano e fertilizantes no polígono industrial de Teixeiro-Curtis (A Coruña), promovido por Bioetanol Galicia, S.A.
- Acordo polo que se eximen da constitución de garantías as entidades colaboradoras que participarán na xestión das axudas derivadas da Resolución pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección do IGAPE que aproba as bases reguladoras das axudas Foexga, susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa Galicia Feder 2021-2027, así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2024 e 2025, en réxime de concorrencia non competitiva, por un importe de dous millóns trescentos oitenta mil euros (2.380.000,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e a Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA), para impulsar os programas de posicionamento europeo, a rede de centros de investigación e o proxecto Galicia 2030 no Sistema universitario de Galicia, por un importe total de dous millóns trescentos oitenta e seis mil catorce euros (2.386.014,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías ás persoas obrigadas na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á modernización e xestión sustentable das infraestruturas das artes escénicas e musicais, ao abeiro dos fondos de Next Generation EU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento UE 2021/241, e se convocan para o ano 2024, por un importe total de cincocentos mil euros (500.000,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo do 63 Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías establecidas no artigo 67 do Decreto, na Resolución pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións a salas de exhibición cinematográfica establecidas en Galicia para proxectos de innovación, funcionamento dixitalizado e sustentable, creación e fidelización de públicos e adaptación aos novos hábitos de consumo audiovisual, ao abeiro dos fondos NextGenerationEU e do Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento UE 2021/241, e se convocan para o ano 2024 por un importe total de trescentos oitenta mil euros (380.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de vacinas inactivadas producidas a partir de virus crecido en ovos embrionados, de virus fraccionados ou de antíxenos de superficie (H e N), ou análogas, de 60 microgramos de aglutinante en cada cepa, para a súa administración a persoas de 80 e máis anos, persoas institucionalizadas en residencias da terceira idade de 60 e máis anos e persoas inmunodeprimidas de 60 e máis anos, por un importe total de licitación de cinco millóns catrocentos sesenta mil euros, con IVE (5.460.000,00 €) e un valor estimado de seis millóns trescentos mil euros, sen IVE (6.300.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e a Fundación Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por importe de oitocentos noventa e catro mil euros (894.000,00€).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a atención psicolóxica a mulleres e menores que sofren violencia de xénero e, complementariamente, a outras persoas do seu contorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero, e atención psicolóxica a homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar, por un importe de trescentos oitenta e sete mil euros (387.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón da concesión das axudas Bonos talento empresa 2023-2024, destinadas á realización de proxectos formativos de curta duración, convocadas pola Orde do 3 de xullo de 2023 e cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da evolución da superficie forestal ordenada e certificada e da superficie inscrita no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo.
- Acordo polo que se toma razón da evolución das axudas para os investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e das concedidas no exercicio orzamentario 2023.
- Acordo polo que se toma razón da publicación das axudas concedidas para a promoción de viño en terceiros países da convocatoria de 2023.
- Acordo polo que se toma razón das axudas da solicitude única da PAC. Resultados provisionais 2023 e convocatoria 2024.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe de seguimento do programa Xacobeo Xove.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre as actividades convocadas pola EGAP no marco do Instituto de Economía Pública para o primeiro semestre do 2024.
- Informe sobre o balance de execución 2023 do III Plan tecnolóxico da Administración de xustiza en Galicia. Senda 2025.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o primeiro mes de funcionamento do transporte público gratuíto para maiores de 65 anos.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o Programa de benestar en balnearios para o ano 2024.
- Informe sobre o inicio do proceso de matriculación nas escolas infantís 0-3 da rede autonómica para o curso 2024/25.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA, A PROL DO CONCELLO DAS NEVES, DO TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE UNE A VILA COA ESTACIÓN DE FERROCARRIL

- Transfírese á entidade local o treito inicial da EP-4204, de algo máis de medio quilómetro de lonxitude
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello das Neves terá a competencia para actuar neste treito de vía e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello das Neves, do treito da estrada provincial EP-4204, que une a vila coa estación de ferrocarril do municipio pontevedrés.

Trátase, concretamente, do treito inicial desta estrada provincial, de algo máis de medio quilómetro de lonxitude.

O Concello das Neves e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade desta vía.

Así, a Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade do treito da estrada provincial EP-4204 As Neves-Estación.

A transferencia a prol do Concello das Neves tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello das Neves terá a competencia para actuar neste treito da estrada EP-4204 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano do treito da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA CONVOCARÁ AXUDAS POR PRETO DE 9,5 M€ PARA MELLORAR A ACCESIBILIDADE DE MÁIS DE 1.350 VIVENDAS

- Salienta a importancia das actuacións subvencionables pois permitirán a instalación de ascensores e salva escaleiras, porteiros automáticos adaptados ou traballos para condicionar baños e cociñas, entre outras
- Van dirixidas a propietarios particulares como a comunidades de veciños de inmobles construídos antes de 2006
- As axudas irán entre os 6.000€ e 18.000€, recibindo máis cuantía se entre os residentes hai persoas con algunha discapacidade ou maiores de 65 anos
- Destaca que é a terceira convocatoria deste programa, que nos dous anos anteriores destinou 12 M€ a facer máis accesibles case 2.000 fogares no conxunto de Galicia

O presidente do Goberno galego en funcións, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que a Xunta realizará unha nova convocatoria de axudas para mellorar a accesibilidade tanto en edificios residenciais colectivos como en vivendas particulares cun orzamento de preto de 9,5 millóns de euros. Segundo concretou, o obxectivo é poder chegar a financiar intervencións en "ao redor de 1.350 vivendas galegas"

O Consello da Xunta tomou hoxe razón da convocatoria por terceiro ano consecutivo deste programa, xestionado pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que busca facilitar a adaptación exterior e interior de diferentes tipos de inmobles de uso residencial ás necesidades de persoas con algunha discapacidade, física, sensorial ou intelectual.

Rueda salientou que o obxectivo é apoiar a cidadanía no financiamento de obras e instalacións que contribúan a eliminar barreiras arquitectónicas, faciliten o acceso ou favorezan a autonomía e a mobilidade tanto en construcións unifamiliares como en edificios de tipo residencial colectivo e nas vivendas que os integran. Ademais, as actuacións poderán realizarse non só dentro dos inmobles senón tamén nos espazos comúns, como xardíns ou zonas deportivas, e nos que serven para comunicalos co exterior.

O mandatario galego en funcións puxo como exemplo das obras subvencionables a instalación de ascensores, salva escaleiras, ramplas ou mecanismos motorizados para a apertura de portas; as reformas dos accesos desde a vía pública; a colocación de produtos de apoio como guindastres, sistemas tecnolóxicos de guiado, sinais luminosos, visuais, táctiles ou sonoros; dispositivos electrónicos de comunicación entre as vivendas e o exterior; a aplicación de domótica e outro tipo de tecnoloxía que favoreza a autonomía persoal; e calquera intervención que facilite a accesibilidade universal no interior das vivendas e nos propios edificios residenciais colectivos, así como nas súas vías de evacuación.

En canto aos beneficiarios, informou de que poderán acollerse ao programa persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou inquilinas dos inmobles, comunidades veciñais,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sociedades cooperativas e empresas construtoras, propietarias ou arrendatarias dos edificios.

Axudas entre 6000€ e 18.000€ por vivenda

Rueda precisou que as achegas oscilarán “entre os 6.000 e 18.000€ por vivenda” en función do tipo de inmovble e de se entre os veciños hai algunha persoa con discapacidade. De feito, con carácter xeral, as axudas cubrirán, como máximo, o 60 % do custo da actuación que se acometa, aínda que esta porcentaxe poderá incrementarse ata o 80 % se na vivenda ou no edificio reside unha persoa con discapacidade ou que sexa maior de 65 anos.

Ademais destas limitacións, a contía das subvencións será variable e dependerá tanto da tipoloxía e das características dos inmobles como das circunstancias dos seus residentes. Así, se se trata dunha casa unifamiliar –illada ou agrupada–, o beneficiario poderá recibir ata 12.500 euros para facela máis accesible e, cando a subvención se solicite para intervir sobre un edificio residencial, concederáse un máximo de 9.000 euros por vivenda e de 90 euros por metro cadrado de superficie construída no caso dun local comercial. Por último, se a solicitude ten por obxecto intervir sobre unha vivenda situada nunha edificación de tipo colectivo, o importe da axuda da Xunta non superará os 6.000 euros.

Con independencia da tipoloxía do inmovble –que nos tres casos terán que ser anteriores a 2006– a subvención chegará ata os 15.000 euros por vivenda se nela reside unha persoa con discapacidade e ata os 18.000 euros se acredita ter un grao de discapacidade do 33 % ou superior.

Ademais, para acollerse ás axudas deste ano as actuacións non poderán terse iniciado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2022 nin estar xa finalizadas antes de que se publique a resolución coa convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, o prazo de execución das obras, no caso de vivendas unifamiliares, non poderá exceder os 12 meses, mentres que para os edificios de tipoloxía residencial colectiva será de 24 meses, tendo en conta que as intervencións neste tipo de inmobles adoitan ser máis complexas e requiren de máis tempo. En calquera caso, as actuacións subvencionadas deberán estar rematadas antes do 1 de decembro do ano que vén.

Prazos de execución

Rueda puxo en valor que este é o terceiro ano que a Xunta, a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo, convoca con carácter plurianual o programa de axudas de accesibilidade nas vivendas. Deste xeito, destacou que desde 2022 a Xunta destinou “12 millóns de euros a mellorar a accesibilidade a vivendas de toda a comunidade”.

En concreto, en 2022 o orzamento asignado a esta liña foi de 4,3 millóns de euros e ante a elevada demanda detectada, a dotación da segunda convocatoria incrementouse ata os 9 millóns de euros, contía que se volveu reforzar este ano, alcanzando os 9,42 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No período 2022-2023 a Xunta concedeu 364 axudas directas para facer máis accesibles vivendas e edificios de carácter residencial. O importe outorgado superou os 12 millóns e grazas a estas subvencións, propietarios particulares, comunidades e inquilinos puideron executar melloras e adaptacións en case 2.000 vivendas no conxunto de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 700.000 EUROS A SUBVENCIONAR ACCIÓNS PARA A CAPACITACIÓN DIXITAL DA CIDADANÍA A TRAVÉS DAS AULAS CEMIT

- As axudas irán destinadas, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), ás aulas de referencia localizadas en 61 municipios
- A medida enmárcase no convenio asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Fegamp para impulsar un novo modelo de aulas CeMIT
- Este convenio forma parte do Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT que está en marcha e que suporá un investimento de 22,8M€ ata o 2025

A Xunta destinará este ano máis de 700.000 euros a subvencionar actividades de capacitación dixital nos 61 centros que acreditaron as condicións para seren aulas de referencia da Rede CeMIT.

Estas axudas, aprobadas hoxe na reunión do Consello do Goberno galego, distribuiranse atendendo a criterios de actividade das aulas así como da poboación do municipio; ás entidades locais de máis de 5.000 habitantes correspóndelles unha achega de 15.000 euros e ás de menos de 5.000 habitantes a contía de 7.251 euros.

Estas subvencións están enmarcadas no convenio asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para impulsar un novo modelo aula CeMIT acorde cos requirimentos do Marco galego de competencias dixitais.

O convenio coa Fegamp forma parte do Plan de reforma e ampliación da rede de aulas CeMIT, actualmente en marcha, e que suporá un investimento de 22,8 millóns de euros ata 2025 para a dotación de equipamento tecnolóxico punteiro, reforma das aulas e reforzo dos servizos dixitais, e para adaptar a estratexia formativa ao novo Marco galego de competencias dixitais.

Dotación tecnolóxica punteira

No marco deste Plan, a Axencia autonómica distribuíu en 2023 máis de 1.300 novos dispositivos entre impresoras 3D, drones, lentes de realidade virtual e kits de placas de comunicación e programación.

Ademais, completouse a substitución dos equipamentos actuais de sobremesa por máis de 1.300 ordenadores con pantalla e teclado integrados (*all in one*); adquiríronse 20 unidades de dispositivos adaptados a persoas con capacidades diversas e 880 tabletas.

Marco galego de competencias dixitais

A Rede CeMIT é un dos instrumentos clave para acadar o obxectivo marcado polo compoñente 19.I1 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno de España de formar máis de 45.000 persoas ata 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actualmente, a Rede está integrada por 94 aulas, nas cales se ofrece formación e asesoramento gratuítos a todos os galegos e galegas centrándose, de xeito prioritario, nos colectivos que teñen máis dificultades para acceder á tecnoloxía. A Rede CeMIT conta con máis de 114.000 usuarios e pechou o 2023 superando as 3.400 actividades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO REFORMULADO DA NOVA SENDA NA ESTRADA OU-402 EN REZA, NO CONCELLO DE OURENSE, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 1,6 M€

- Autorízanse as expropiacións para habilitar un itinerario peonil continuo de 2,7 km pola marxe dereita da vía, conectando as edificacións e os treitos illados de beirarrúas, garantindo desprazamentos a pé máis cómodos e seguros
- A senda estenderase desde a intersección coa rúa Portalón ata o aparcadoiro do quilómetro 3+290 e complementarase pola marxe esquerda con actuacións puntuais derivadas da nova posición dos pasos de peóns e das paradas de bus
- Atendendo ás consideracións feitas polos veciños e para minimizar afeccións aos peches, a senda oscilará entre os 1,8 e os 3 metros, en función das edificacións
- A previsión é convocar as expropiacións no segundo trimestre deste ano, co obxectivo de licitar as obras no segundo semestre
- Con esta actuación complétase a execución de máis de 16 quilómetros de sendas nas estradas autonómicas da comarca de Ourense, con 8 M€ de investimento

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do proxecto de trazado da nova senda na estrada OU-402 en Reza, no concello de Ourense.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta nova actuación para habilitar unha senda peonil continua de case 2,7 km pola marxe dereita desta vía autonómica superará os 1,6 millóns de euros.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego leva tamén consigo a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta intervención. Do total de 37 predios necesarios para executar as obras, 6 son de titularidade pública e 16 parcelas estarán afectadas por ocupación temporal para executar a reposición das ramplas de acceso e, cando sexa posible, a recolocación dos peches que sexa necesario levantar.

Este novo proxecto responde á vontade de diálogo permanente da Xunta para acadar unha solución satisfactoria e que minora no posible as afeccións.

Así, habilitarase na OU-402 un itinerario entre os puntos quilométricos 1+060 e 3+290, que permita conectar os treitos illados de beirarrúas existentes e as edificacións dispersas, para que os veciños poidan realizar os desprazamentos a pé de xeito máis cómodo e seguro.

Máis concretamente, a senda estenderase desde a intersección coa rúa Portalón ata o aparcadoiro situado no quilómetro 3+290 da estrada. Pola marxe esquerda realizaranse, ademais, pequenas actuacións puntuais relacionadas coa nova posición dos pasos de peóns ou das paradas de autobús acordadas.

Segundo o proxecto deseñado polo departamento de Infraestruturas da Xunta, o itinerario peonil defínese adaptándose ao trazado da estrada, tanto en planta como no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

alzado, mantendo unha beiravía de 0,50 metros. Executarase en formigón desactivado e con bordo elevado sobre a vía.

Atendendo ás consideracións feitas previamente polos veciños e para minimizar afeccións aos peches, a senda oscilará entre os 1,8 e os 3 metros de largo, en función das edificacións lindeiras. Tamén nun pequeno treito (entre o punto quilométrico 2+050 e o 2+200) modificarase lixeiramente o trazado da estrada, movendo 1 metro o eixe para evitar afectar os peches.

A actuación farase de xeito coordinado coa dotación de bandas de aparcadoiro en liña na marxe dereita que eviten que os vehículos paren invadindo o recorrido peonil.

Cumprindo coas demandas veciñais no momento da redacción deste novo proxecto, resituaranse varias paradas de autobús tamén na marxe contraria á senda, para que a subida e a baixada de viaxeiros se faga sen interrupcións. Ademais, disporanse 6 novas marquesiñas.

Tras a análise das achegas recibidas no proceso de información pública, aténdense alegacións recibidas para reducir a afección a varios predios mediante a substitución dun terraplén por un muro entre os puntos quilométricos 1+075 e 1+150, e axústase o largo da senda entre os quilómetros 1+380 e 1+445.

A intervención completarase con traballos adicionais de mellora dos sistemas de drenaxe, a preinstalación de canalizacións de servizos, sistemas de contención, construción de muros ou reforzo da sinalización.


A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade realizará a convocatoria dos actos expropiatorios no segundo trimestre do ano, co obxectivo de licitar as obras no segundo semestre. A actuación ten un prazo de execución de 12 meses.

Con esta intervención complétase a execución de máis de 16 quilómetros de sendas nas estradas autonómicas da comarca de Ourense, con 8 M€ de investimento, traballos aos que hai que sumar o investimento mobilizado para conformar a nova senda peonil e ciclista que vertebrará de norte a sur a cidade entre a estación intermodal, a Ponte Vella e Expourense, a través da avenida das Caldas e do Barbaña.

O Goberno galego continúa mellorando a rede viaria autonómica para reforzar a seguridade viaria e a comodidade dos usuarios, así como para impulsar unha mobilidade máis sustentable.

Plano de situación da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta de Galicia:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA A CONSTRUCCIÓN DUNHA PLANTA DE PRODUCCIÓN DE BIOMETANO E FERTILIZANTES EN CURTIS

- Promovida por Bioetanol Galicia -do grupo Vertex Bioenergy-, contará cun investimento de 12 M€
- Prevese o tratamento de 100.000 toneladas ao ano de residuos e subprodutos orgánicos como o xurro de vacún, galiñaza, lactosoro, lodos industriais e subprodutos derivados da síntese de bioetanol
- O biogás que se obteña destinarase á produción de biometano para a súa inxección na rede de distribución de gas
- Como coproduto principal do proceso producirase un dixestato para a súa aplicación agraria, o que suporá melloras respecto aos fertilizantes químicos ou aos xurros sen tratar que se empregan actualmente

O Consello da Xunta aprobou hoxe a declaración como iniciativa empresarial prioritaria dunha planta de produción de biometano e fertilizantes en Curtis promovida por Bioetanol Galicia -do grupo de empresas Vertex Bioenergy, referente europeo na industria de biocombustibles - cun investimento de 12 M€.

Esta iniciativa localizarase no polígono industrial de Teixeiro – Curtis, onde Bioetanol Galicia xa conta cunha das plantas de produción de bioetanol máis importantes de España. O proxecto ten como obxectivo tratar, a través dun proceso controlado de dixestión anaerobia, ao redor de 100.000 toneladas anuais de residuos e subprodutos orgánicos como xurro de vacún, galiñaza, lactosoro, lodos industriais e subprodutos derivados de bioetanol.

Deste xeito, o biogás xerado empregarase para obter biometano, que se inxectará na rede de distribución de gas que pasa pola zona sur da parcela na que se construírá a planta. Ademais, como coproduto principal deste proceso producirase un dixestato para a súa aplicación agraria, que suporá importantes melloras con respecto aos fertilizantes químicos e xurros sen tratar que se empregan actualmente.

O proxecto cumpre cos requisitos para recibir esta declaración: supera o volume de investimento mínimo fixado nun millón de euros (en concreto, serán 12 M€) e complementa cadeas de valor ou pertence a sectores estratéxicos.

A nova declaración aprobada no Consello da Xunta enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito xa son 26 as iniciativas empresariais prioritarias declaradas e lideradas por Cortizo (Padrón), Albo (Salvaterra de Miño), Oviganic (Monforte de Lemos), Sogama (Vilanova de Arousa), Ignacio González Montes (Ribeira), Bionerxías de Lugo e Sarreaus (Ourense), Novafrigsa (Lugo), Agroamb Prodalt (Castro de Rei), Hornos de Lamastelle (Carballo), Armonía Green Galicia (A Coruña), Cafés Candelas (Lugo), Bioenergía A Coruña (A Laracha), Valogreene Recinor (As Somozas), Green Umia (Caldas de Reis), Green Meiga (Begonte), Kern Pharma (Monforte de Lemos), Queserías Entrepinares (Vilalba) Granja Campomayor (Palas de Rei), a planta de Universal H2 (As Pontes), a planta biotecnolóxica In Proteins for All en Curtis; o centro de Borgwarner en Nigrán; a planta de hidróxeno verde de Accionaplug en Arteixo; a planta de produción de hidrocarburos sintéticos de Greenalia e P2X-Europe en Curtis, unha planta de pelets e de coxeración eléctrica en Pedrafita do Cebreiro e agora este proxecto en Curtis.

Esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa, máis incentivos fiscais ás empresas e máis facilidades para acceder ao solo empresarial. A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios por parte da Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de barreiras á actividade empresarial.

Desde este ano, na estratexia da Xunta de Galicia dirixida á atracción de investimentos industriais e ao avance na redución de burocracia, a Xunta incorpora novidades na tramitación de proxectos industriais, como o novo plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, en que poden incluírse os proxectos que superen os 800.000 euros e teñan incidencia no tecido industrial, ou a extensión da figura dos proxectos industriais estratéxicos a proxectos de menor envergadura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ MÁIS DE 100 MISIÓNS COMERCIAIS DE PEMES GALEGAS EN 30 PAÍSES REFORZANDO A APOSTA POLA INTERNACIONALIZACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO GALEGO

- A nova convocatoria do Plan de misións comerciais suma 2,4 millóns para promover accións de internacionalización en ata 600 pemes, impulsando misións empresariais directas ao estranxeiro, así como a participación en feiras ou noutros eventos expositivos
- A liña, en colaboración coas cámaras de comercio, persegue aumentar a base exportadora, fomentar e consolidar a presenza de empresas galegas en mercados internacionais e conseguir unha maior diversificación incorporando novos mercados e produtos
- As axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, serán do 70% dos gastos directos do proxecto, máis un 7% adicional en concepto de axudas aos custos indirectos
- Desde o ano 2014 destináronse máis de 14 millóns de euros para a organización destas actuacións, cunha participación media de máis de 170 pemes anuais e chegando a 70 países diferentes

No marco da aposta pola internacionalización do tecido produtivo galego, o Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe a nova convocatoria do programa Foexga, que destina preto de 2,4 M€ a accións de internacionalización do tecido produtivo da Comunidade na procura de impulsar, durante este exercicio, máis dun centenar de misións en 30 países.

O programa, que desenvolve a Consellería de Economía, Industria e Innovación a través do Igape e en colaboración coas cámaras de comercio galegas, aspira a que arredor de 600 compañías tomen parte nas accións de promoción, favorecendo a súa imaxe nos mercados exteriores. As actuacións están dirixidas a aumentar a base de empresas exportadoras, fomentar e consolidar a presenza de empresas galegas nos mercados internacionais, conseguir unha maior diversificación incorporando novos mercados e produtos, así como difundir a cultura da internacionalización como ferramenta de progreso e competitividade.

Neste marco, o programa prevé para esta convocatoria máis de 30 mercados prioritarios de acción comercial entre os que se sitúan China, India, Israel, Xapón, Reino Unido, Alemaña, Marrocos, Brasil, México, Emiratos Árabes, Estados Unidos ou Canadá, así como outros países para os que se xustifique a idoneidade do mercado para as empresas galegas.

As actuacións, consistentes en misións empresariais directas ao estranxeiro ou na participación en feiras e outros eventos expositivos, contan con apoios, en réxime de concorrencia non competitiva, do 70% dos gastos directos do proxecto, máis un 7% adicional en concepto de axudas aos custos indirectos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre salientar que desde o ano 2014 o Goberno galego destinou máis de 14 M€ á organización destas misións internacionais, cunha participación media anual de máis de 170 pemes, o que permitiu impulsar actuacións en 70 países diferentes.

Récord histórico de exportacións

O Programa Foexga enmárcase na Estratexia de internacionalización do Goberno galego, que está a contribuír a que Galicia logre o seu récord histórico en exportacións: máis de 30.000 M€ no peche de 2023.

Deste xeito, a balanza comercial galega lanza un saldo positivo de 9.138 M€. Así mesmo, as empresas exportadoras regulares ascenderon ata as 2.693 no último exercicio, o que supón un lixeiro aumento tamén respecto ao ano 2022.

Este programa complementa outras liñas de axudas como os xestores de internacionalización ou Galicia exporta empresas e organismos intermedios, cuxas convocatorias están abertas nestes momentos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS ACCIÓNS DA XUNTA PARA POSICIONAR INTERNACIONALMENTE AS UNIVERSIDADES PÚBLICAS GALEGAS ACADAN UN RETORNO DE MÁIS 4€ POR EURO INVESTIDO

- Desde a posta en marcha desta liña de actuación en 2016, o noso sistema universitario desenvolveu 5.584 iniciativas e captou case 10,6M€ en fondos
- O Consello da Xunta de Galicia aproba incrementar un 11% a colaboración con FEUGA en catro liñas: fomento e captación de proxectos europeos, apoio aos centros de investigación, programas formativos e identificación de novos perfís profesionais

As accións da Xunta para o posicionamento internacional das universidades públicas galegas acadaron un retorno de máis de 4€ por euro investido desde a posta en marcha desta liña de acción en 2016, retorno que se foi incrementando progresivamente ata acadar os 5,7€ por euro investido no ano 2023.

En concreto, no período 2016-2023 desenvolvéronse 5.584 accións de promoción do Sistema universitario de Galicia (SUG), coa asistencia a mais de 1.000 eventos. Isto redundou na captación de case 10,6M€ en fondos para as universidades galegas, o que supón unha rendibilidade do 318%.

En canto ao número de proxectos europeos aprobados para o SUG desde que empezaron a desenvolverse estas accións de posicionamento, foron un total de 37. Neste momento hai outras 15 propostas coa participación das universidades galegas en proceso de tramitación.

Para seguir avanzando nesta política de éxito, o Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a renovación do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Empresa Universidade Galega (FEUGA) para este fin, cun incremento do 11,38% no orzamento. A través del, a Xunta investirá case 2,4M€ ata 2026 en accións destinadas a impulsar e consolidar un programa conxunto de posicionamento da I+D+i universitaria e novas accións de apoio ao SUG.

Tendo en conta os excelentes resultados obtidos tanto en termos de rendibilidade económica como de posicionamento estratéxico internacional dos grupos de investigación universitarios, o obxectivo é consolidar, ampliar e instrumentalizar esta colaboración, xa que a presenza e dinamización continua a nivel europeo é imprescindible para manter e mellorar a visibilidade e captación de fondos en Europa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As accións do novo convenio estrutúranse en catro liñas: posicionamento, promoción, divulgación e captación de proxectos europeos; soporte á Rede de centros de investigación, programas formativos GESCI e GOSCI e identificación dos perfís profesionais que se demandarán no futuro.

Amplio paquete de medidas

O primeiro paquete de accións vai dirixido a fortalecer o posicionamento, promoción, divulgación e captación de proxectos europeos do SUG para promover a participación de grupos de investigación en proxectos europeos. Neste sentido, búscase manter e mellorar a visibilidade das universidades galegas ante a oportunidade de captación de fondos que supón o programa da Unión Europea *Horizon Europe* (HE) 2021-2027.

A segunda liña de acción diríxese directamente a financiar a actividade da Rede de centros de investigación das universidades públicas galegas e a súa xestión. En concreto, busca fortalecer as súas capacidades e consolidar a excelencia; potenciar a formación, atracción e incorporación de talento investigador, incrementar o liderado internacional da súa investigación e impulsar a colaboración con novos axentes académicos e industriais para aumentar o impacto económico e social da súa actividade.

A terceira liña do convenio prevé a realización dunha nova edición dos programas formativos GESCI e GOSCI para formar os equipos dos novos centros susceptibles de obteren o recoñecemento como centro de excelencia e o novo persoal de dirección e xestión dos centros pertencentes á Rede.

O obxectivo é seguir tendo formadas ás novas remesas de directores e xestores nos estándares de calidade que exige a xestión actual dos centros de investigación de excelencia e aliñalas cos requirimentos asociados á avaliación que dá acceso ao financiamento, así como á Rede e aos seus servizos.

Continuidade do proxecto Galicia 2030

A través da cuarta liña de acción analizarase a avaliarase, a través dun estudo, o impacto global do proxecto *Galicia 2030: Perfís profesionais de futuro e novas titulacións e especialidades universitarias*, posto en marcha en 2018 con vistas a determinar as competencias e os perfís profesionais que necesitará o tecido empresarial nos vindeiros anos e adaptar a oferta universitaria a estas novas demandas.

Con este novo estudo revisarase a implementación efectiva das titulacións emanadas do proxecto na oferta académica do SUG, achegando suxestións de mellora. O estudo desenvolverase en 2026 para poder realizar a análise das máximas titulacións posibles, xa que algunhas delas se implantarán con posterioridade ao curso académico 2023/24.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2M€ A INFRAESTRUTURAS CULTURAIS PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS DE TRABALLO DOS PROFESIONAIS E AS PRESTACIÓNS AO PÚBLICO

- O Consello dá luz verde a dúas liñas de subvencións para espazos como teatros, auditorios, cines ou salas de concertos
- Esta achega súmase ao 1,1M€ que o Goberno galego destina a bibliotecas, museos ou arquivos, entre outros
- O Plan xeración cultura está a favorecer a innovación, dixitalización e modernización dos equipamentos e o acceso da cidadanía a eles

A Xunta de Galicia destina un total de 2M€ a través do Plan xeración cultura para mellorar infraestruturas dedicadas a todo tipo de actividades: teatros, auditorios, salas de cine, salas de concertos, bibliotecas, museos ou arquivos, entre outros. Precisamente, o Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe dúas destas convocatorias de subvencións por preto de 900.000 euros: unha para espazos que acollen espectáculos de artes escénicas e musicais e outra para salas de exhibición cinematográfica.

O obxectivo, en ambos os casos, é impulsar a súa modernización e xestión sustentable, de xeito que os profesionais e as empresas desenvolvan o seu labor en escenarios adecuados e actuais e o público poida gozar deles coas máximas prestacións.

Nos dous casos, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades avanza nos obxectivos do Plan xeración cultura aprobado hai un ano para acompañar o gran momento deste sector en Galicia. O plan conta con eixos destinados a facilitar o acceso á cultura a toda a cidadanía, tal e como propón a futura Lei de cultura inclusiva e accesible, así como eixos para favorecer a innovación, dixitalización e modernización, que terá o seu impulso coa Lei de cultura dixital.

Adaptación tecnolóxica e enerxética

A liña específica para teatros, auditorios e salas de espectáculos escénicos e concertos conta cun orzamento de 500.000 euros, destinados maioritariamente á renovación dos sistemas dixitais de iluminación, vídeo, audio e comunicación en rede, maquinaria escénica, xestión artística e produción, así como ao acondicionamento e rehabilitación dos edificios para favorecer a súa adaptación enerxética.

Avánzase así nos obxectivos de dixitalización, xestión sustentable e respecto ambiental desta vía de apoio, que redundan, ademais, na mellora das condicións de traballo do persoal técnico e artístico, así como nunha maior calidade na exhibición dos espectáculos ante o público.

Poden optar a estas subvencións, a través das que se levan investidos en dous anos 2,4 millóns de euros en 82 espazos, tanto concellos como entidades privadas para acometer os seus proxectos de mellora ata o 1 de xullo de 2025. A contía da axuda poderá acadar o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

80% do orzamento no caso das empresas, cun límite de 15.000 euros, e do 70% para a Administración local, con 40.000 euros como máximo, que se elevan a 50.000 euros para as agrupacións de entidades.

No que respecta ás salas de cinema, resérvanse 380.000 euros para proxectos desenvolvidos ata o vindeiro 31 de outubro. Esta será a cuarta convocatoria consecutiva para contribuír á súa innovación e dixitalización, así como para facilitar a súa adaptación a un mercado influído polos novos hábitos no consumo audiovisual asociados ao crecemento das plataformas dixitais, especialmente a partir da pandemia.

A través desta vía, da que o ano pasado resultaron beneficiarios 12 espazos doutras tantas localidades, a Xunta incidirá no desenvolvemento de tres eixes de acción: dixitalización e a aplicación das novas tecnoloxías, adopción de medidas de desenvolvemento sustentable e impacto ambiental positivo, e iniciativas destinadas á fidelización e captación de público e á configuración dunha programación diversa e inclusiva

Incentivo á programación en galego

Neste último punto, apoiarase especificamente a circulación da cinematografía europea e iberoamericana, con especial atención ás obras de produción galega e en versión orixinal galega. Entre as actuacións subvencionables, atópanse tamén campañas de captación de públicos e accións especiais dirixidas a centros educativos, de integración social e/ou cultural ou para profesionais do audiovisual, entre outras.

Faise fincapé, así mesmo, na inclusión e no reto demográfico á hora de chegar a novas audiencias e a colectivos específicos, así como na diversidade da oferta cinematográfica tamén en canto a xéneros e formatos ou á programación de obras de dirección feminina ou de dirección novel, entre outros aspectos.

A intensidade da axuda será de ata o 80% do gasto subvencionable e a contía da subvención corresponderase co número de pantallas da sala, oscilando entre un máximo de 21.600€ no caso dunha pantalla e 55.200€ para 15.

Ambas as convocatorias desenvolveranse en réxime de concorrencia competitiva, con financiamento a cargo dos fondos Next Generation EU e Mecanismo de recuperación e resiliencia.

Modernización de equipamentos

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades tamén destinará este ano 1,1M€ á mellora de infraestruturas culturais a través de dúas liñas de traballo. A primeira das subvencións destínase a que os concellos galegos renoven e modernicen os seus equipamentos, para o que se destina medio millón de euros. O obxectivo é continuar coa mellora de espazos como bibliotecas, casas da cultura, arquivos ou escolas de música e, así, facilitar o acceso da cidadanía á cultura, independentemente do lugar en que resida.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A segunda liña de traballo, na que está a traballar a Xunta de Galicia, é un programa de convenios específicos con diversas entidades para realizar actuacións de mellora nestes espazos, para o que se destinan un total de 600.000 euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INCLUIRÁ AOS PACIENTES INMUNODEPRIMIDOS ENTRE OS GRUPOS DE RISCO QUE RECIBIRÁN A VACINA DE ALTA CARGA FRONTE A GRIPE

- Rueda resalta que, na vindeira campaña de vacinación, se sumarán aos maiores de 80 anos e os de máis de 60 que viven en residencias ao ser inmunizados con esta dose reforzada
- Salienta que o Goberno galego destine “6,3 M€” a mercar este tipo de vacinas, pensadas para persoas cun sistema inmune debilitado
- Galicia acadou un nivel de cobertura antigripal entre maiores de 80 anos do 82,83%
- A Xunta destina en 2024 preto de 40 M€ ao Programa galego de vacinación

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai reforzar a protección dos pacientes inmunodeprimidos fronte a gripe na vindeira campaña de inmunización. Estas persoas serán incluídas entre os grupos de risco que recibirán unha vacina de alta carga e sumaranse aos maiores de 80 anos e as persoas de máis de 60 que viven nun centro residencial, que xa recibiron esta dose reforzada na pasada campaña.

A vacina antigripal de alta carga ten un valor engadido con respecto ás convencionais ao mellorar a resposta vacinal nas persoas que a teñen indicada pola súa idade, que provoca que o sistema inmune non responda de forma óptima ás vacinas convencionais, ou en persoas inmunodeprimidas por algunha patoloxía. Deste xeito, como novidade, na vindeira campaña a Xunta incorpora tamén a este último colectivo no que se atopan, como subliñou Rueda, “pacientes trasplantados ou que están a recibir quimioterapia en doses altas”.

Tal e como explicou o presidente, o Consello autorizou hoxe “destinar 6,3 millóns de euros” a mercar este tipo de vacinas para inmunizar “aos colectivos de maior risco”. A previsión é adquirir 210.000 doses para a vindeira campaña”, indicou.

A maiores, a Consellería de Sanidade ten aberta nestes momentos a licitación das vacinas fronte á gripe para a poboación xeral por valor de 2,8 millóns de euros e, como novidade, a Xunta está a traballar para mercar unha vacina intranasal para os cativos. Deste xeito, “os nenos poderán protexerse o vindeiro outono fronte a gripe sen precisar un pinchazo”, indicou Rueda.

Desta forma, Galicia reforza a súa aposta pola prevención coa mellora continua do calendario de inmunización ao longo de toda a vida e segue mantendo “o seu posto de referencia na estratexia de vacinación”.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, este ano acadouse un 82,83 % de cobertura vacinal na poboación de 80 e máis anos grazas ás facilidades proporcionadas. Na última campaña da gripe, a Dirección Xeral de Saúde Pública ampliou os días de vacinación ata o 26 de xaneiro, enviáronse citas de forma proactiva a través de sms e ofreceuse a vacina tanto en centros de saúde como en grandes recintos.

Investimento de 40 M€ no Programa galego de vacinación

Para o ano 2024 a Xunta incrementou o investimento no Programa galego de vacinación nun 40 %, situándose preto dos 40 millóns de euros e duplicando o orzado desde o ano 2020. Este incremento responde á incorporación nestes anos das vacinas fronte á meninxite B, a bronquiolite polo virus respiratorio sincitial, o rotavirus ou o herpes zóster, entre outras.

A clara aposta da Xunta pola prevención das enfermidades fixo que Galicia fose a primeira comunidade autónoma en adquirir e recibir as doses para levar a cabo a inmunización contra o virus respiratorio sincitial (VRS), un dos responsables da bronquiolite en bebés. Como consecuencia, un informe preliminar da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre a primeira campaña de protección fronte ao VRS indica que os ingresos hospitalarios de nenos e nenas por este virus se reduciron ata nun 90 % en Galicia.

Os datos da vixilancia epidemiolóxica amosan que o virus VRS circulou nesta tempada a niveis similares da tempada anterior e que o impacto da inmunización dos lactantes fronte ao VRS está a ser moi positivo, dado que na poboación vacinada os valores das taxas de hospitalización son moito menores en comparación coa tempada anterior e en comparación con outros grupos de idade non vacinados. Hai que ter en conta que unha das particularidades deste virus é que non só afecta os nenos de risco senón que a maioría das hospitalizacións por VRS ocorren en lactantes sans.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 894.000 EUROS Á RENOVACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN JOSEP CARRERAS PARA A LOITA CONTRA A LEUCEMIA

- No ano 2023 leváronse a cabo un total de 249 transplantes de medula ósea en Galicia, unha cifra que ascende ata as 4.257 intervencións, no referido ao acumulado desde o ano 1993
- O obxectivo deste convenio facilitar que os pacientes que necesiten un transplante de medula ósea -e non teñan un familiar compatible- poidan ter localizado un doador

O Consello da Xunta aprobou esta mañá, na súa xuntanza semanal, a renovación do convenio de colaboración que o Servizo Galego de Saúde -a través da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS)-, e a Fundación Josep Carreras, un acordo ao que o Executivo galego destina unha partida económica de 894.000 euros.

O obxectivo do convenio é que calquera paciente galego que o precise poida localizar un doador de medula ósea compatible, buscando primeiro no noso país ou acudindo ao resto de rexistros mundiais, se for necesario.

Durante o 2023, o Servizo Galego de Saúde realizou un total de 249 transplantes de medula ósea, dos que 29 foron transplantes aloxénicos non emparentados, 45 transplantes de doadores emparentados e 175 de tipo autólogo ou autotransplante.

Así mesmo, cómpre salientar que en Galicia se efectuaron 4.257 transplantes de medula ósea -desde 1993-, ano en que comezaron a realizarse este tipo de intervencións na nosa comunidade.

É preciso destacar que o número de doadores en Galicia foi en aumento durante os últimos anos, ata chegar aos 14.393 no ano 2023. Así, no que vai do presente ano, rexistráronse 118 novos doadores.

Tipos transplantes de medula

Na actualidade, existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: o autólogo, o aloxénico emparentado e o aloxénico non emparentado.

Os transplantes autólogos son aqueles en que se usan as células do propio paciente. Desta forma realízase a extracción deste tipo de células -que se tratan con medicación-, e que se empregan para o tratamento do propio paciente.

Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles en que os doadores das células son familiares dos pacientes e que son compatibles.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por último, os transplantes aloxénicos non-emparentados son aqueles en que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia, unha conxuntura que sucede no 25-30% dos casos e que obriga a buscar o doador en calquera parte do mundo.

Cando se produce esta situación, iniciase unha busca no ámbito mundial a través do Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea (REDMO). Así, o sistema de busca de doadores, coordinado cos organismos nacionais (o Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea e a Organización Nacional de Transplantes), permite garantir a equidade de calquera paciente no acceso á doazón e avala a eficiencia deste sistema nos ámbitos clínico, administrativo, organizativo ou social.

Este sistema está constantemente validado e conta con importantes e continuos recoñecementos no nivel internacional. Xa que logo, destaca como exemplo da boa práctica, da súa rede de alerta, polo seu carácter anónimo e gratuíto, que en España é implementada a través da Fundación Josep Carreras.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELEVA ATA OS 387.000 EUROS A COLABORACIÓN CO COLEXIO DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A ATENCIÓN GRATUÍTA ÁS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- O Consello autorizou a sinatura do convenio anual que garante o acompañamento gratuito ás mulleres vítimas, aos seus fillos e outras persoas da contorna familiar
- No marco da iniciativa préstase tamén apoio a homes que desexan reconducir as súas actitudes violentas no ámbito familiar a través do programa *Abramos o círculo*
- Entre 2009 e 2022 beneficiáronse desta iniciativa cerca de 12.500 persoas

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, seguirá a colaborar este ano co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para garantir a atención especializada e gratuítas a vítimas da violencia de xénero e os seus achegados. O Consello autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio coa entidade por unha contía de 387.000 euros, a maior destinada ata o momento a esta finalidade.

O servizo de atención psicolóxica diríxese a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero, así como membros do contorno familiar. Inclúe, ademais, un programa específico, *Abramos o círculo*, para a intervención con homes con problemas de control das súas actitudes violentas, para axudalos a adquirir novos modos de comportamento.

Con esta iniciativa a Xunta oferta recursos terapéuticos sen custo para as persoas usuarias, que lles axuden a afrontar a situación e a reforzar a súa autoestima. O mecanismo contribúe á adquisición de habilidades para que logren autonomía e unha mellor integración na vida social e laboral, fundamental para a recuperación.

Entre 2009 e 2023, os convenios subscritos co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia permitiron chegar a máis de 12.400 persoas: 7.886 mulleres, 2.697 menores, 458 membros da contorna familiar e 1.376 homes, que participaron no programa *Abramos o círculo*. En 2023, os beneficiarios foron 1.586, o 72% mulleres.

En canto ao investimento, desde 2009, a Xunta de Galicia leva destinados case 3,3 millóns de euros a este convenio, tendo case triplicado o seu orzamento e septuplicado o número de persoas usuarias.

A Administración autonómica segue a mellorar, con medidas como esta, a resposta que desde as institucións se proporciona ás vítimas da violencia de xénero, coa finalidade de ofertarlles recursos que lles axuden a afrontar a situación.

A atención psicolóxica é complementaria dos recursos residenciais e de acollemento, así como de apoio económico que se está a dispensar ás vítimas para que inicien o camiño para desenvolver unha nova vida sen violencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En 2023 a Xunta concedeu máis de 930 axudas a estas mulleres e deu acubillo, nos sete recursos da Rede galega de acollemento, a máis de 230 persoas.

O Goberno galego está a referendar o seu firme compromiso contra a violencia de xénero. Os orzamentos de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinan a este fin 20,5 millóns de euros, un 15% máis que en 2023, para manter os recursos, servizos e prestacións, e tamén para reforzalos e amplialos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIA AS PEQUENAS EMPRESAS NA FORMACIÓN DE CURTA DURACIÓN DE MÁIS DE 530 PERSOAS OCUPADAS

- O Consello da Xunta informou hoxe sobre a resolución dunha nova liña de axudas que se convocou en 2023 e da que se beneficiaron 49 microempresas, pequenas empresas e entidades do terceiro sector da acción social para formar persoas ocupadas
- O programa está a permitir a realización dun cento de cursos destinados a actualizar e mellorar os coñecementos e competencias dos cadros de persoal das empresas para dar resposta ás necesidades do tecido produtivo e á transición dixital e ecolóxica que está a vivir o mercado laboral
- As materias que se imparten céntranse en competencias dixitais, procesos industriais, xestión empresarial, prestación de servizos aos clientes e no eido asistencial
- A iniciativa enmárcase na Axenda galega de capacidades para o emprego aprobada pola Xunta, un pacto baseado na colaboración público-privada que está a permitir, entre outros, unha oferta de microformacións que están a demandar as empresas e vai en liña coas directrices da UE

O Consello da Xunta de Galicia informou hoxe das axudas dirixidas, entre outras, a microempresas e pequenas empresas para a formación de curta duración dun total de 532 persoas traballadoras ocupadas. En concreto, deuse conta da resolución destes apoios que forman parte dun programa (Bono talento empresa) innovador, que convocou a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade o pasado ano.

A iniciativa busca dar resposta ás necesidades do tecido produtivo. En concreto, estanse a impartir preto de 100 cursos (96) con estes apoios autonómicos, dos que foron beneficiarias 49 microempresas, pequenas empresas e entidades do terceiro sector da acción social. Son accións formativas, en liña co que marca a Axenda galega de capacidades para o emprego da Xunta, dun mínimo de 16 horas e un máximo de 100 horas centradas en competencias dixitais, procesos industriais, xestión empresarial, prestación de servizos aos clientes e no eido asistencial.

Cada vez son máis as persoas que necesitan actualizar e mellorar os seus coñecementos, capacidades e competencias para reducir a fenda entre a súa formación e as necesidades dun mercado de traballo en constante evolución. As persoas traballadoras estanse enfrontando a cambios sen precedentes na organización do traballo e o mercado laboral está a vivir unha transición dixital e ecolóxica, polo que o perfeccionamento e a reciclaxe continua das persoas traballadoras son esenciais para que poidan responder ás necesidades do seu emprego actual ou para a transición a novos empregos e sectores en expansión.

O novo programa tamén vai en consonancia co que está a demandar a Unión Europea, que aposta pola vía de accións formativas de curta duración a través das

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

microcredenciais e recomenda aos Estados membros adoptaren medidas para que as persoas adquiran, actualicen e melloren os coñecementos, competencias e capacidades que necesitan para prosperar nun mercado de traballo e sociedade cambiantes.

Os bonos talento empresa financian, deste xeito, cursos de curta duración con axudas máximas de 25.000 euros por entidade.

Con esta actuación o Goberno galego aspira a mellorar a cualificación profesional das persoas traballadoras, a competitividade das empresas e as oportunidades en Galicia.

O perfeccionamento e a reciclaxe continuos son esenciais para que as traballadoras e os traballadores respondan ás necesidades do seu emprego actual ou para a transición a novos empregos e sectores en expansión.

Galicia, polo tanto, está a avogar por unha formación adecuada ás necesidades dun mercado laboral en constante cambio e enfocada nas demandas do noso tecido produtivo. Por iso, o novo Plan galego de formación para o emprego 2024 está dotado con máis de 117 millóns de euros, un 12,9% máis que no exercicio anterior, para continuar impulsando unha formación dual e flexible, axustada ás necesidades do tecido produtivo e ao mercado laboral.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CONTA CON MÁIS DE 550.000 HECTÁREAS DE MONTE ORDENADO, SUPERANDO XA AMPLAMENTE O OBXECTIVO MARCADO POLO PLAN FORESTAL PARA FINAIS DE 2025

- A nosa comunidade dispón actualmente de 550.919,23 hectáreas de monte baixo instrumentos de ordenación ou xestión forestal, cando a meta para o remate do quinquenio 2021-2025 era acadar as 380.000 ha
- Ademais, a cifra de monte ordenado supera nun 40% a de 2018, cando se aprobou inicialmente a Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara a neutralidade carbónica”
- Este aumento da superficie forestal ordenada viuse favorecida polas convocatorias de axudas de fomento da Xunta nos últimos anos, que superaron os 7,5 millóns de euros
- No marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027, está previsto o mantemento destas convocatorias de achegas para cumprir coa intervención destinada a incrementar as superficies de montes ou terreos forestais ordenados
- Nos próximos anos tamén se traballará para incrementar a superficie forestal con certificación sustentable, que actualmente se cifra en máis de 680.000 hectáreas

Galicia superou xa amplamente, a día de hoxe, o obxectivo marcado no seu Plan Forestal canto á superficie de monte ordenado para o horizonte de 2025. Así, a nosa comunidade conta con 550.919,23 hectáreas ordenadas, cando a meta para o remate do quinquenio 2021-2025 era de 380.000 hectáreas. Así pois, superouse esta cifra nun 45%.

O Consello da Xunta tomou hoxe razón desta evolución da superficie forestal ordenada e dos resultados acadados como consecuencia das ordes de axudas destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, para as que se destinaron máis de 7,5 millóns de euros nas últimas convocatorias. O dato actual da superficie ordenada representa ademais un incremento do 40% en relación co de 2018, cando se aprobou inicialmente a Primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara a neutralidade carbónica”.

De cara ao futuro, trabállase co límite do ano 2028 para que todos os montes ou terreos forestais dispoñan dun instrumento de ordenación ou xestión forestal obrigatorio e vixente, establecendo a prohibición de aproveitamentos comerciais nos montes que incumpran esta obriga.

Co obxectivo de cumprilo, no marco do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027, prevese unha intervención destinada a incrementar as superficies de montes ou terreos forestais ordenados, o que permitirá continuar convocando nos vindeiros anos novas ordes de axudas para a elaboración de instrumentos de ordenación e xestión forestal (IOXF), por considerarse que esta é a ferramenta máis axeitada para o cumprimento do obxectivo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Certificación sustentable

Actualmente, Galicia conta con 681.263 hectáreas de monte cunha certificación forestal sustentable, sexa PEFC ou FSC. Esta é unha cifra moi relevante, tendo en conta que PEFC certifica 2,7 millóns de hectáreas e FSC un total de 710.000 para o conxunto de España. Ademais, a nosa comunidade é líder en certificados de cadea de custodia -empresas autorizadas a cortar madeira certificada- por ambos sistemas.

A maiores, o decreto que regula o novo contrato de xestión pública -próximo á súa aprobación- prevé como requisito que os novos contratos que se asinen se fagan a través dun proxecto de ordenación inscrito no Rexistro Galego de Montes ordenados. Isto, co fin de cumprir os obxectivos do Plan Forestal para o quinquenio 2020-2025 no que atinxe ao fomento da certificación forestal e a ordenación.

Dita xestión deberá estar avaliada, polo menos, por un sistema de certificación forestal recoñecido internacionalmente e validado polas correspondentes entidades de certificación. Esta medida permitirá incrementar a superficie certificada facilitando o cumprimento do obxectivo establecido na Primeira revisión do Plan Forestal.

Cómpre sinalar, ademais, que a ordenación da superficie forestal contribúe ao aproveitamento deste recurso a nivel socioeconómico, facendo rendibles as zonas rurais nas que se atopan e favorecendo a fixación de poboación. Por outra banda, constitúe un importante pilar á hora de previr os incendios forestais, dado ese aproveitamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA UN TOTAL DE 7,5 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA APOIAR O SECTOR VITIVINÍCOLA GALEGO, REFORZANDO A SÚA COMPETITIVIDADE E PRESENZA NOS MERCADOS

- O Consello da Xunta tomou hoxe razón das resolucións das axudas para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas e para a promoción en terceiros países, cun total de 53 beneficiarios e unha mobilización de investimentos de 19,7 millóns de euros
- A primeira liña contou, na convocatoria do 2023, cunha dotación de preto de 6,5 millóns de euros -4M máis respecto ao ano anterior-, e 33 beneficiarios
- No referido ao apoio de actividades de promoción de viños galegos en terceiros países, contou cun orzamento de algo máis dun millón de euros e 20 beneficiarios
- Dende 2018, o Goberno autonómico investiu nestas dúas liñas de axudas un total de 26,7 millóns de euros, dentro da aposta por un eido produtivo chave no rural galego

O Consello da Xunta tomou hoxe razón das resolucións das axudas para investimentos na elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas e para a súa promoción nos mercados en terceiros países correspondentes ao ano 2023, cun investimento total duns 7,5 millóns de euros -6,5 M para a primeira liña e 1M para a segunda-, e financiadas a través do Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (Feaga).

Estas axudas, que en total contaron con 53 beneficiarios -33, no caso da elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, e 20 para promoción en terceiros países-, teñen unha repercusión moi favorable no apoio e reforzo da competitividade deste sector, de grande importancia para o rural galego. Polo tanto, representan un impulso para o agro da nosa comunidade no seu conxunto e para os seus habitantes, tanto dende o punto de vista económico como social e ambiental.

Neste sentido, a través da convocatoria de 2023 estas axudas permitiron mobilizar investimentos por un total de 19,7 millóns de euros -17,6 millóns de euros na liña de elaboración e comercialización e 2,1 na de promoción en terceiros países-.

Elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas

Polo miúdo, no referido ás axudas para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, cómpre destacar o incremento do orzamento -algo máis de 4 millóns que en 2022-, o que permitiu atender a todos os solicitantes que cumprían os requisitos.

As principais finalidades destas axudas son, entre outras, as de fomentar a agrupación dos primeiros elos da cadea alimentaria mediante a integración das entidades asociativas e o asociacionismo agrario, impulsar os procesos sustentables desde o punto de vista ambiental a través do aforro de enerxía, da eficiencia enerxética global, da utilización de enerxías renovables e da valorización e tratamento dos residuos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Preténdese, así mesmo, fomentar a certificación ambiental das instalacións das empresas vitivinícolas, a produción ecolóxica e os produtos acollidos a réximes de calidade e os pagamentos de uva por calidade. Outros obxectivos pasan por favorecer a innovación e a implantación de novos produtos e novas presentacións, polo incremento da dimensión empresarial, pola participación dos viticultores e elaboradores na cadea de valor ou por impulsar os investimentos en comercialización e promover a introdución das tecnoloxías dixitais nas empresas.

Destas axudas son potenciais beneficiarias as empresas vitivinícolas, organizacións de produtores vitivinícolas, asociacións de produtores e organizacións interprofesionais ou profesionais.

Son subvencionables os custos de construción, adquisición ou mellora de bens inmobles, a compra de nova maquinaria e equipamentos ata o valor de mercado do produto e os gastos administrativos, sempre que en conxunto non superen o 4% dos custos subvencionables totais da operación. Tamén se pode financiar a adquisición ou o desenvolvemento de soportes lóxicos de ordenador e de patentes, licenzas, dereitos de autor ou o rexistro de marcas colectivas.

Promoción en terceiros países

No referido ás axudas para a promoción en terceiros países, enmarcadas nos programas de promoción establecidos na Intervención sectorial vitivinícola (ISV), aprobada pola Comisión Europea en 2022, buscan fomentar o coñecemento das características e calidades dos viños, co fin de contribuír á mellora da súa competitividade, o que inclúe a apertura, a diversificación e a consolidación dos mercados deses países.

Esta liña de apoio está destinada ás empresas vinícolas, organizacións de produtores e as súas asociacións, así como aos órganos de xestión e de representación das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas e as cooperativas que comercializan viños elaborados por elas ou polos seus asociados. Tamén se poden beneficiar as entidades asociativas sen ánimo de lucro formadas por empresas do sector que teñan entre os seus fins a promoción exterior dos viños, as organizacións profesionais e interprofesionais do sector e as asociacións temporais ou permanentes de produtores que teñan entre os seus fins o desenvolvemento de iniciativas en materia de promoción e comercialización do viño.

En relación con estas achegas, as accións e actividades de promoción que se poden desenvolver son todas aquelas en que se dean a coñecer as características dos viños con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida, así como os viños varietais. Entre as accións promocionais destacan campañas publicitarias, misións comerciais, promocións en puntos de venda, catas, feiras, presentacións de produto, xornadas, seminarios ou degustacións.

26,7 millóns de euros investidos dende 2018

Dentro da firme colaboración co sector vitivinícola galego, o Goberno autonómico destinou a estas dúas liñas de apoio en torno a 26,7 millóns de euros dende o 2018, dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cales algo máis de 19,5 millóns de euros se corresponden coa elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas e 7,1 para o desenvolvemento de actividades de promoción nos mercados de terceiros países.

Este esforzo da Xunta de Galicia permitiu mobilizar investimentos no sector galego, no período 2018-2023, por un total de 70,6 millóns -57 M en elaboración e comercialización, e 13,6 en promoción en terceiros países-.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINOU UN TOTAL DE 1.611 MILLÓNS DE EUROS ÁS AXUDAS DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN NO PERÍODO 2015-2022 PARA BENEFICIAR CADA ANO PRETO DE 25.000 EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe o proxecto de acordo polo que se toma razón destas achegas do ano 2023, ademais da convocatoria para este ano, que sairá mañá publicada no DOG e que, atendendo ao previsible volume de solicitantes, manterá a mesma dotación de preto de 200 M€
- Esta orde ten dúas vías de financiamento, sendo a principal as axudas financiadas polo Feaga, aínda sen cuantificarse debido aos cambios do novo PEPAC, polo que as únicas partidas con orzamentos concretos que se recollerán no DOG de mañá son as vencelladas aos fondos FEADER
- O orzamento anual restante para a nosa comunidade fixarase atendendo á distribución dos fondos nacionais entre todas as solicitudes que cumpran os requisitos. Para Galicia estímase preto de 160 millóns, o que completará un volume de axudas anuais similar ao de 2023
- O goberno autonómico, xunto con outras comunidades e os propios agricultores e gandeiros, está a demandar ao Executivo unha flexibilización da normativa comunitaria que facilite a tramitación dunhas axudas fundamentais para o sector

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe o proxecto de acordo polo que se toma razón das axudas da política agraria común (PAC) do ano 2023 que, ademais, recolle o balance xeral dos anteriores oito anos. Neste sentido, no período 2015-2022 o Goberno autonómico destinou un total de 1.611,3 millóns de euros a estas achegas, que beneficiaron unhas 25.000 explotacións agrogandeiras da nosa comunidade cunha media de 200 millóns de euros anuais -170 millóns de euros de axudas directas, e outros 30 millóns de euros de desenvolvemento rural suxeitos ao Sistema integrado de xestión e control-.

Ademais, hoxe elevouse tamén ao Consello a convocatoria destas axudas para 2024, coa nova xestión orzamentaria derivada da entrada en vigor do Plan estratéxico da política agraria común (PEPAC) 2023-2027. Contando cun nivel similar de solicitantes, calcúlase que manterán no seu conxunto a mesma dotación de 200 millóns de euros para os agricultores e gandeiros galegos.

Esta orde ten dúas vías de financiamento, sendo a principal as axudas de xestión extraorzamentaria, financiadas polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (Feaga) e que, debido aos cambios introducidos o pasado ano polo novo PEPAC, aínda non poden ser cuantificadas. Polo tanto, as únicas partidas que teñen orzamentos concretos recollidos na orde que se publicará mañá do *Diario Oficial de Galicia* (DOG) son as vencelladas cos fondos FEADER, que supoñen un total de 44,17 millóns de euros, abrangendo 17,4 M€ para as liñas de zonas con limitacións naturais e 26,7M€ para as agroambientais e produción ecolóxica -importes case idénticos aos do ano pasado-.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O orzamento anual restante para a nosa comunidade fixarase atendendo a unha distribución dos fondos nacionais entre todas as solicitudes que cumpran os requisitos, que se calculan en preto de 160 millóns de euros para Galicia, o que completará un volume de axudas anuais similar ao de 2023.

Este cambio na xestión dos orzamentos débese á xa mencionada entrada en vigor do PEPAC 2023-2027, que conserva os elementos esenciais da PAC anterior, pero pasa de ser unha política baseada na descrición dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios finais das axudas a ser unha política orientada á consecución de resultados concretos. Así, esta convocatoria 2024 é exclusivamente para presentar solicitudes de pagamento da campaña no caso das axudas plurianuais de desenvolvemento rural, con base nos compromisos adquiridos en 2023.

Demanda de flexibilización da normativa

En 2023 aplicouse por primeira vez o PEPAC 2023-2027, que redefiniu as axudas de solicitude única, introducindo unha nova normativa ambiental e de ordenación que afecta a actividade agraria, impoñendo importantes trabas burocráticas na súa aplicación. Unha cuestión que Galicia expuxo ao Goberno central ao longo de todo o deseño da nova PAC, e que hoxe está en discusión, coas autonomías reclamando ao Ministerio de Agricultura a necesaria modificación desta nova batería de medidas, nun proceso de flexibilización en que deben estar presentes as propias autonomías e que debe ser urxente, tendo en conta o inicio da campaña de 2024.

Neste sentido, na reunión do órgano de coordinación do PEPAC celebrada o pasado luns, a Xunta e outros gobernos autonómicos afearon ao Goberno central a falta de vontade real de negociación, e quedaron á espera dun documento de traballo -como o que xa lle enviaron as autonomías ao Executivo o pasado 15 de febreiro, sen resposta- para comezar as negociacións a vindeira semana, dentro dun proceso que é chave para o futuro de agricultores e gandeiros, tendo en conta a importancia destas axudas para o sector e o actual contexto comunitario.

Cómpre lembrar que Galicia avoga por unha moratoria urxente e temporal da nova lexislación comunitaria que afoga a viabilidade do agro, co obxectivo de abrir un proceso de reflexión estratéxica sobre o futuro do sector que permita unha aplicación progresiva (en tempo e forma) desta normativa, para conseguir unha verdadeira adaptación da PAC ás peculiaridades rexionais. Todas estas condicións deben respectarse, segundo o Goberno autonómico galego, á hora de regular a nutrición dos solos, o uso de fitosanitarios ou adaptar os ecorréximes á realidade dos territorios, ademais de apostar por unha redución da carga administrativa soportada día a día por agricultores e gandeiros con cuestións fundamentais como flexibilizar o uso do caderno dixital ou a figura do veterinario de explotación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O XACOBEO XOVE XA PROMOVEU A EXPERIENCIA DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN MÁIS DE 3.000 MOZOS E MOBILIZOU MÁIS DE 1,2M€ ENTRE O SECTOR TURÍSTICO GALEGO

- O Consello da Xunta informa dos avances da iniciativa lanzada en 2023 que está a piques de ter comercializados todos os bonos de desconto nas viaxes deseñadas por axencias retallistas e grosistas galegas
- Os participantes, menores de 30 anos, fixeron un gasto medio de 400€ nos paquetes turísticos cos que peregrinarán ao longo deste 2024 e axudarán así a afondar no obxectivo da desestacionalización

O Consello da Xunta informou hoxe dos avances do programa Xacobeo Xove, a iniciativa que promove a experiencia do Camiño de Santiago en territorio galego entre a mocidade a través de descontos en paquetes deseñados por axencias de viaxe galegas, e que entre o ano pasado e este 2024 beneficiará máis de 3.000 mozos de distintas partes do mundo e xa mobilizou máis de 1,2M€ entre o sector turístico galego.

Como se informou hoxe, o Xacobeo Xove está a avanzar a moi bo ritmo, a piques de comercializar todas as viaxes dispoñibles. Así, ata o de agora puideron aplicarse 3.100 descontos en viaxes que serán desfrutadas ao longo deste 2024, tanto de xeito individual como en grupo. Trátase maioritariamente de mozos e mozas españois, de ata 30 anos, estudantes, que optan por tipoloxías de viaxe diversas: en parella, en familia ou con amigos. A maior parte son de distintos puntos de España (Madrid, Andalucía, Valencia, Extremadura, Cataluña, Murcia, País Vasco, Castela e León...) pero tamén se rexistraron reservas de mozos de Italia, Irlanda, Reino Unido e Suecia.

O prezo medio das viaxes comercializadas foi de 408 euros por persoa. Deste xeito o Xacobeo Xove permitiu que boa parte da mocidade puidese acceder a vivir a experiencia do Camiño de Santiago á metade do custo, xa que a través do programa se ofrecía un desconto de 200 euros. Participan na iniciativa un total de 25 axencias de viaxe retallistas e grosistas galegas nas que o impacto económico total foi de 1,2M€

O Programa Xacobeo Xove ten dispoñibles os últimos bonos para as persoas interesadas, mozos de 12-30 anos que teñan activo o Carné Xove e que adquiran a experiencia a través das axencias de viaxe adheridas e dispoñibles na web www.xacobeoxove.com.

Futuro da ruta xacobeá

O Programa Xacobeo Xove é unha iniciativa financiada por Turismo de Galicia que se puxo en marcha o pasado mes de xullo en colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude, o Clúster Turismo de Galicia, así como a Asociación de Axencias de Viaxes de Galicia (Agavil), a Asociación de Turoperadores Receptivos de Galicia (Atrega) e a Asociación Provincial de Axencias de Viaxes de Pontevedra (Avipo).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Diríxese a fomentar a peregrinación entre a poboación máis nova e potenciar o futuro do Camiño de Santiago. Cóntase coa colaboración das axencias de viaxes que crean paquetes turísticos nos distintos itinerarios da ruta xacobeana en Galicia para os usuarios do Carné Xove a un prezo especial, que inclúe un desconto de 200 euros sobre o prezo habitual.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A EGAP CONVOCA ESTE SEMESTRE MÁIS DE 2.000 PRAZAS DE FORMACIÓN NO MARCO DO INSTITUTO DE ECONOMÍA PÚBLICA

- Realizaranse 27 actividades entre formación continua e cursos superiores, monográficos, xornadas e webinarios
- O instituto de Economía Pública (IEP) céntrase na formación de persoal público para a óptima xestión dos recursos da comunidade e unha mellor atención á cidadanía

A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) convocou para o primeiro semestre deste ano 2.012 prazas de formación no marco do Instituto de Economía Pública (IEP). Serán un total de 27 actividades, 18 delas de formación continua e o resto cursos superiores, monográficos, xornadas e webinarios.

Así se desprende dun informe presentado hoxe no Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda e Administración Pública en funcións, Miguel Corgos, no que se dá conta da planificación formativa do IEP para os seis primeiros meses de 2024.

O Instituto de Economía Pública naceu no ano 2021 para dar resposta á necesidade de dar formación específica ao persoal público coa finalidade de lograr unha óptima xestión dos recursos da comunidade galega e unha mellor atención á cidadanía.

A formación continua impartida polo IEP neste primeiro semestre abarca temas como a fiscalidade e a tributación, o financiamento público e os orzamentos, os fondos europeos ou o tratamento de datos e información económica. Estas materias divídense en 18 actividades, con 830 prazas. Este programa formativo combina as modalidades presencial e en liña, pero cun claro predominio da teleformación, para facilitar o acceso ás actividades de maior duración ao persoal empregado público.

Formación específica

A maiores, a EGAP convocou tamén, a través do Instituto de Economía Pública, nove actividades dirixidas a ofrecer formación sobre aspectos específicos. Trátase de tres cursos superiores sobre planificación estratéxica, xestión e comunicación no ámbito da economía pública de Galicia, auditoría no sector público e sobre o Plan xeral de contabilidade. Tamén se celebrou en febreiro o curso monográfico sobre custos simplificados nos fondos europeos do Marco 2021-2027.

Ademais, están previstas varias xornadas sobre temas relacionados coa xestión no ámbito local, como a contabilidade nacional nas administracións locais: as regras fiscais, Operacións de fin de exercicio nas entidades locais. Elaboración de contas anuais e A Lei de contratos do sector público aplicada aos entes locais. Así mesmo, estase organizando un webinar sobre modernización da Administración para a xestión dos fondos europeos. Estas actividades formativas ofrecen 1.182 prazas, a maioría en formato presencial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A PRESENTACIÓN DE ESCRITOS A TRAVÉS DA SEDE XUDICIAL ELECTRÓNICA GALEGA INCREMENTOUSE UN 90% EN 2023

- O ano pasado ampliouse o número de trámites telemáticos dispoñibles para a cidadanía na sede xudicial electrónica, na que tamén se poden presentar informes periciais
- A implantación do servizo de textualización de gravación de vistas permitiu que haxa xa preto de 80.000 vídeos dispoñibles en formato texto no visor do expediente electrónico xudicial
- A mellora da interoperabilidade entre distintas administracións posibilitou que en 2023 os órganos xudiciais galegos recibisen máis de 12.400 expedientes procedentes de 200 organismos distintos
- O 100% das salas de vistas están dixitalizadas e 35 edificios de xulgados e audiencias dispoñen de conexión WIFI
- O pasado ano asináronse dixitalmente máis de 22.700 documentos ao día, un 6% máis que en 2022
- Son actuacións enmarcadas no *III Plan tecnolóxico da Administración de xustiza en Galicia. Senda 2025*, que conta cun investimento de máis de 43 millóns de euros

Os galegos e galegas presentaron preto de 14.000 escritos na sede xudicial electrónica de Galicia en 2023, o que supuxo un incremento do 90% respecto ao ano anterior. O achegamento da vía telemática á cidadanía é un dos obxectivos do *III Plan tecnolóxico da Administración de xustiza en Galicia. Senda 2025*, que durante o pasado ano ampliou o número de trámites dispoñibles no Catálogo de procedementos, sumando a execución de títulos xudiciais, a xurisdición voluntaria e a consignación xudicial, ademais de habilitar a presentación de informes periciais de xeito electrónico.

Son datos do balance de execución no 2023 do Plan *Senda 2025*, elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Entre as liñas en que avanzou o Plan está a dixitalización do 100% das salas de vistas e a dotación de conexión WIFI a 35 edificios de xulgados e audiencias. Tamén se completou a implantación do servizo de textualización de gravación de vistas, que permitiu pasar a formato texto preto de 80.000 audiencias. Tanto os vídeos como as textualizacións están dispoñibles para os profesionais do eido xudicial a través do visor do expediente xudicial electrónico.

Durante o pasado ano, a mellora na interoperabilidade entre as administracións públicas permitiu que os órganos xudiciais galegos recibisen máis de 12.400 expedientes procedentes de 200 organismos de administracións de distinta natureza.

Ademais, os e as profesionais do eido xudicial teñen á súa disposición un novo sistema, *Acceda*, que lles permite enviar arquivos de gran volume que non poden ser remitidos pola Plataforma de intercambio seguro de información LexNET. Durante o 2023, proporcionouse o acceso ao escritorio virtual a preto de 2.000 persoas usuarias, a totalidade das que precisan de medios para o teletraballo ou traballo en mobilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En 2023, asináronse dixitalmente 4,5 millóns de documentos nos órganos xudiciais galegos, o que supón unha media diaria superior aos 22.700 documentos rubricados electronicamente, un 6% máis que o ano anterior.

En canto á ciberseguridade, reforzouse coa implantación de novas ferramentas nos preto de 5.000 equipamentos do eido xudicial e impartíronse máis de 100 horas de formación e concienciación sobre ciberseguridade. A capacitación é unha das liñas de actuación do Plan para acompañar os profesionais da Xustiza en todo o proceso e en 2023 realizáronse preto de 3.400 horas de actividades formativas.

Investimento de 43 millóns de euros ata 2025

Todas estas actuacións enmárcanse no *III Plan tecnolóxico da Administración de xustiza en Galicia. Senda 2025*, que busca a consolidación dixital da xustiza, para facela máis próxima á cidadanía, con capacidade para ofrecer uns servizos máis personalizados e adaptados ás súas necesidades.

O Plan conta cun investimento de 43 millóns de euros en cinco anos, o que supón un incremento do 68% respecto do investimento dos dous plans anteriores, *Senda 2014* e *Senda 2020*, que mobilizaron 50 millóns de euros en dez anos para avanzar na dixitalización da xustiza galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MÁIS DE 28.000 MAIORES DE 65 ANOS VIAXARON GRATIS NO TRANSPORTE PÚBLICO AUTONÓMICO NO MES DE XANEIRO, AFORRANDO CASE 300.000 € NOS SEUS DESPRAZAMENTOS

- O Consello da Xunta avaliou hoxe o primeiro mes de funcionamento do transporte público gratuito para os maiores de 65 anos, unha medida activa desde o 1 de xaneiro que xa permitiu realizar máis de 200.000 viaxes de balde
- A Coruña é a provincia con maior número de viaxes gratuítas, máis de 125.000, a que ten maiores beneficiarios, con máis de 16.000, e a que rexistrou máis bonificacións, sumando case 160.000 € de aforro
- O concello de Ferrol é o que suma máis viaxes e usuarios beneficiarios con esta iniciativa, onde viaxaron de balde en xaneiro máis de 2.900 maiores de 65 anos, seguido de Vigo, con máis de 2.000 viaxeiros; e da Coruña, con 1.500 beneficiarios
- Arredor de 79.000 maiores de 65 anos contan hoxe coa tarxeta de mobilidade de Galicia, a TMG, que se adquire nas oficinas de Abanca
- Con ela poden realizar ata 60 viaxes gratuítas ao mes nas máis de 3.500 liñas de transporte interurbano da Xunta
- O funcionamento desta iniciativa é similar ao da tarxeta Xente Nova, pois o custo das viaxes aboadas coa tarxeta TMG reembólsase cada 15 días, cargando a bonificación nun caixeiro de Abanca

Máis de 28.000 maiores de 65 anos viaxaron gratis no transporte público autonómico no mes de xaneiro, o que lles supuxo un aforro de case 300.000 € nos seus desprazamentos.

O Consello da Xunta de Galicia avaliou hoxe o informe sobre o primeiro mes de funcionamento do transporte público gratuito para maiores de 65 anos.

Esta iniciativa permitiu realizar no mes de xaneiro máis de 200.000 viaxes gratuítas no transporte público interurbano de competencia autonómica empregando a tarxeta de mobilidade de Galicia, a TMG.

A Xunta ampliou o pasado 1 de xaneiro a gratuidade no uso do transporte público aos maiores de 65 anos, unha gratuidade que xa viñan desfrutando os menores de 21 anos a través da tarxeta Xente Nova.

En relación coas viaxes realizadas polos maiores de 65 anos por provincias, a da Coruña é a que rexistrou un maior número de desprazamentos, máis de 125.000, e tamén de beneficiarios, máis de 16.000 maiores de 65 anos obtiveron as vantaxes desta iniciativa, con bonificacións por importe de case 160.000 €.

Nas outras tres provincias, en Pontevedra, Ourense e Lugo, beneficiáronse da medida arredor de 9.000, 1.600 e 1.200 maiores de 65 anos, que realizaron preto de 60.000, 10.000 e 6.000 viaxes, cun aforro de 91.000, 19.500 e 19.400 euros, respectivamente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre os concellos con maior número de usuarios e de viaxes realizadas no mes de xaneiro sobresaen Ferrol, onde o transporte urbano se presta a través das concesións de autobús da Xunta.

De xeito máis concreto, en Ferrol viaxaron de balde en xaneiro máis de 2.900 maiores de 65 anos, por riba dos 2.000 usuarios de Vigo, que é o segundo municipio por número de beneficiarios, e os case 1.500 da Coruña, que é o terceiro.

Na actualidade, arredor de 79.000 maiores de 65 anos contan con tarxeta TMG, polo que poden viaxar de balde. Cómpre lembrar que este dispositivo se pode adquirir nas oficinas de Abanca para comezar a viaxar gratis no autobús interurbano.

Esta medida permite realizar cada mes ata 60 viaxes gratuítas en toda a comunidade nas máis de 3.500 liñas de transporte interurbano da Xunta, no transporte da ría de Vigo, que conecta con Cangas e Moaña, e nos servizos do Feve na comarca de Ferrol.

O funcionamento desta iniciativa é similar ao da tarxeta Xente Nova, para os menores de 21 anos. O custo das viaxes aboadas coa tarxeta TMG reembólsase cada 15 días, cargando a bonificación nun caixeiro de Abanca.

Neste sentido, o importe das viaxes realizadas na 1ª quincena do mes reintégrase a partir do día 5 do mes seguinte; e o dos desprazamentos efectuados na 2ª quincena do mes pódese recuperar a partir do día 20 do mes seguinte.

A través da páxina web www.bus.gal os usuarios poden ampliar información sobre a gratuidade do transporte público autonómico para maiores de 65 anos e as vantaxes que leva asociadas, ademais da listaxe das sucursais habilitadas para a expedición da tarxeta TMG e os servizos de transporte público en que se aplica a gratuidade, cos correspondentes horarios e rutas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA ESTE ANO NUN 5% AS PRAZAS DO PROGRAMA BENESTAR EN BALNEARIOS ATA ACADAR PRETO DAS 1.300

- Tamén sobe nun 8% o orzamento que destina a esta iniciativa dirixida ás persoas maiores, que supera os 300.000 euros
- Nestes momentos, está en licitación a contratación pública da reserva e ocupación das estadias en establecementos termais das catro provincias

O Goberno galego traballa na nova convocatoria para este ano do Programa benestar en balnearios, que incrementará nun 5% as prazas ofertadas en relación coas ofertadas na anterior edición ata acadar un total de 1.262. Así se recolle nun informe sobre esta iniciativa do que se deu conta hoxe no Consello e no que se indica que nestes momentos está en licitación a contratación pública da reserva e ocupación destas prazas en establecementos termais das catro provincias galegas para os meses de novembro e decembro.

Tamén sobe nun 8% o orzamento que a Xunta destina a este programa, superando os 300.000 euros. Con este aumento elévase a achega que a Administración autonómica fai a cada participante, que financia nesta convocatoria un máximo do 45% do custo total da súa estadia. Os balnearios teñen de prazo ata o vindeiro día 12 deste mes de marzo para presentar as súas ofertas. Unha vez adxudicadas as prazas publicarase a convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) para que as persoas interesadas soliciten as estadias, que serán de 10 días e 9 noites con pensión completa.

Poderán optar a participar no programa todos os maiores de 60 anos e tamén aqueles que superen os 55 e sexan pensionistas. Deberán valerse por si mesmos para a vida diaria e non ter contraindicacións médicas para os tratamentos termais.

A través do Programa benestar en balnearios, a Xunta cumpre un dobre obxectivo: mellorar a calidade de vida das persoas maiores ao fomentar unha vida activa e saudable, as relacións sociais e o autocoidado, e apostar por un sector en que Galicia é punteira en España.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CAMBIA O BAREMO DE ACCESO ÁS SÚAS ESCOLAS INFANTÍS PARA DAR MÁIS PRIORIDADE ÁS FAMILIAS NAS QUE TRABALLAN OS DOUS PROXENITORES

- Rueda resalta que o período de solicitude de praza para o vindeiro curso nos centros da rede pública autonómica abrirase o vindeiro sábado, día 16 de marzo
- Destaca que a Xunta destina 60 M€ cada curso á garantir a gratuidade da atención educativa de 0 a 3 anos en todos os centros da comunidade

O presidente da Xunta en funcións, Alfonso Rueda, avanzou hoxe que o Goberno autonómico “abrirá a vindeira semana” o período de solicitude de praza nas escolas infantís 0-3 da rede pública, “formada por 10.500 prazas nun total de 175 escolas infantís” repartidas polas catro provincias. Entre as novidades do vindeiro curso está, segundo resaltou, que os nenos con pais traballadores terán “aínda máis preferencia” á hora de acceder a este servizo xa que obterán máis puntuación no baremo total.

En concreto, o prazo de solicitude estará aberto do 16 de marzo ata o 5 de abril e as familias poderán presentar as súas peticións preferiblemente a través da sede electrónica da Xunta, ou ben, a través de calquera rexistro oficial. A adxudicación definitiva de prazas publicárase o 31 de maio, momento en que se abrirá o período de matriculación.

Tal e como explicou Rueda, no vindeiro curso, modifícase a baremación para darlle máis puntos a aquelas familias nas que os proxenitores traballan, xa que son estas as que teñen máis necesidade dun servizo de conciliación como son as escolas infantís 0-3. No curso actual, cada proxenitor que traballa recibe 7 puntos na baremación, e no vindeiro cada un deles recibirá 8 puntos. Polo tanto, unha familia na que traballan os dous proxenitores pasará de obter 14 puntos a 16.

O resto da baremación seguirá igual, é dicir, continuará dándose máis prioridade ás familias con máis membros, especialmente ás familias numerosas; ás familias monoparentais; e a aquelas en risco de exclusión social e con baixos ingresos.

Gratuidade

O presidente resaltou que este será “o terceiro curso” no que a atención educativa de 0 a 3 anos “será totalmente gratuíta” tanto nos centros que dependen da Xunta como nos municipais, nos de titularidade privada e nos de iniciativa social. A Xunta inviste 60 millóns de euros cada curso, sen apoio do Goberno central, para que máis de 31.000 familias galegas poidan beneficiarse da gratuidade, o que supón un aforro por fillo duns 2.000 euros anuais.

Grazas ao programa de gratuidade, Galicia é a comunidade de España coa maior taxa neta de escolaridade na etapa 0-3 cun 56,4%, dez puntos superior á media española.